

1 PIAR IDEOLÓXICO E ESTRATÉXICO

OBXECTIVO

Crear un partido que defenda os intereses de Galicia e da súa sociedade. Ter un proxecto rigoroso e diferenciador que se debe presentar nas eleccións municipais 2023 e autonómicas 2024, co afán de atraer o voto galeguista.

HIPÓTESE PARA BASE ESTRATÉXICA

O novo Partido Galego é necesario para mover o centro de gravidade cara a un referente político diferenciador e sólido. É a primeira pedra, e máis afín a un sentir moderado da sociedade galega máis plural e con respecto nas súas condutas.

Galicia necesita un partido con estratexias coherentes tanto dentro como fóra de Galicia, tendo en conta os obxectivos políticos para o noso País, a procura da estabilidade social e a gobernanza, a consolidación do proxecto a longo prazo usando os mellores parámetros de acerto na anticipación dos problemas, os acordos históricos como o GALEUSKA e a consolidación de relacións no marco europeo.

Unha das fortalezas deste partido, debe ser a capacidade de chegar a acordos a dereita e a esquerda da centralidade que representamos e a transversalidade na que actuamos. Utilizando o formato de “xeometría variable” permitirá que sobre todo no ámbito municipal, sexa posible acordos con diferentes organizacións políticas máis en base a un programa que a unha coalición de goberno, permitindo a necesaria gobernanza en situación de minorías que van ser máis comúns que as maiorías.



IDENTIFICACIÓN IDEOLÓXICA

O Novo Partido Galego debe ser un partido co perfil adecuado para chegar á maioría da sociedade, este debe situarse na **centralidade política**, conectando coa sociedade galega.

É habitual que na sociedade contemporánea se teña como pensamento coherente e racional a defensa dos piares do **benestar públicos** (educación, sanidade, servizos sociais, renda básica universal e pensións), e esas mesmas persoas sexan practicantes relixiosas. Este exemplo lévanos a un suposto choque de sentimentos, representando nos estándares actuais ser de esquerdas polo primeiro e dereitas polo segundo.

A **defensa e a protección da cultura galega** son valores e actitudes que abranguen a todo aquel que teña un sentimento de País ou o que nós chamamos sentimento galeguista.

A **ecoloxía, a defensa do rural e o desenvolvemento sostible** dos nosos sectores produtivos serán parte fundamental na nosa identificación ideolóxica. A nosa acción política centrarase en grande medida no apoio e mellora en sectores consolidados tales como a pesca, gandaría, vitivinícola, etc, así como en impulsar sectores potenciais da industria e a produción que atenda a economía circular tendo especial atención ao conxunto da cadea de valor. Apostamos pola sostibilidade, fomentaremos que esta actividade se exerza no comercio de proximidade e ecolóxico.

IDEAS PROGRAMÁTICAS

- **Autonomía e autogoberno:** Posta en valor das institucións e competencias para o autogoberno de Galicia, conseguindo a plena aplicación do Estatuto de Galicia, adaptado ao marco europeo para acadar o **autogoberno**.
- **Organización do territorio:** A organización coherente e coordinada das áreas metropolitanas e a aposta polo mundo rural para que acade un futuro dinámico e moderno teñen que ser as bases para unha organización territorial en rede.
- **Organización do mar:** É necesario defender a sostibilidade dun dos sectores máis representativos da economía e do carácter galego, con medidas que defendan e modernicen o sector compaxinadas con outras que defendan os recursos mariños para que perduren non tempo.
- **Transición ecolóxica e dixital:** O obxectivo debe ser situar Galicia como referencia a nivel político, social e tecnolóxico no proceso de transición ecolóxica e dixital no que a humanidade verase inmersa nas vindeiras décadas.
- **Economía:** Potenciar o propio, procurar a autosuficiencia e garantir o benestar.
- **Benestar, Educación, Seguridade e Saúde:** Apostamos pola blindaxe dos servizos universais e de calidade, fomentando melloras no seu financiamento e eficiencia. Sistema educativo, sanidade, servizos sociais, renda básica para persoas desempregadas a nivel europeo e sistema de pensións público.
- **Galicia, Cédula de Universalidade:** Proxectar Galicia como un pobo diferenciado e aberto no concurso das nacións, fomentando a cooperación e solidariedade dos pobos. Pensar en chave global e actuar en chave local.

2

PIAR ORGÁNICO

ESTRUTURA GOBERNATIVA

- **Liderado político** debe ser exercido integramente dende a óptica dun servizo ao partido e á sociedade. O liderado debe conseguir que as persoas ás que serve ese liderado se sintan partícipes e ilusionadas co proxecto. O liderado se nalgún momento non cumpre o anteriormente enunciado debe someter a consideración da súa contorna a súa renuncia inapelable.
- **Órganos de gobernanza:** deben ser sempre colexiados. A estrutura governativa do Partido Galego debe estar preparada para albergar a milleiros de persoas.
- **Relación coa afiliación:** Os órganos de gobernanza e o liderado político deben manter unha relación coa afiliación do partido que sexa próxima, clara, sincera, chea de empatía e sensibilidade, participada, construtiva e de co-responsabilidade
- **Plano de expansión e consolidación:** En base á estrutura orgánica deseñada, debería ser un reto firme a conseguir a expansión e consolidación por moitos concellos do novo proxecto.
- Precisamos que todos os cadros políticos sexan coñecedores e bos transmisores do “piar ideolóxico”.
- Debemos prestar especial atención á formación política, tanto dos cadros como da afiliación en xeral, fomentando o debate respectuoso dende a lóxica discrepancia, o espallamento da cultura da “conversa política” como un feito diario, normal e necesario, etc.
- Outro ámbito fundamental para a difusión e sobre todo de contacto está nas rrss e demais

ferramentas telemáticas e soportes webs. É un obxectivo dispoñer dunha “brigada

- comunicativa” nas rrss composta basicamente por voluntariado xuvenil.

3

PIAR ECONÓMICO

NECESIDADES ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

- O partido, para o seu funcionamento ordinario, ten uns gastos facilmente cuantificables para atender custes de seguros, hosting, nóminas, etc. En función das aspiracións que se marquen, fixaranse as necesidades de persoal e material.
- Existe unha segunda liña de previsión de gastos, que son os orzamentos extraordinarios electorais. Neste caso, sempre se desenvolven dun xeito totalmente independente, tanto por razóns legais como por razóns contables.
- As finanzas deberán estar reguladas necesariamente polo **Regulamento de Xestión e Finanzas**.



www.partidogalego.gal

partidogalego@partidogalego.gal

NOVO PARTIDO NECESARIO PARA GALICIA

